

2.4

desenvolvemento

de empresas

A análise do capítulo adicado ó desenvolvemento de empresas está dividida en dúas grandes partes. A primeira delas está baseada nos datos facilitados polo Rexistro Mercantil Central e o Directorio Central de Empresas (Dirce)¹ e céntrase en variables como o número de empresas existentes ou constituídas, o número de quebras, suspensións de pagamentos ou extinción de sociedades.

As primeiras notas salientables neste eido son, por unha banda, que o número total de sociedades activas, independentemente da súa condición xurídica (persoas físicas, sociedades anónimas, de responsabilidade limitada e “outras”), en Galicia a 31 de decembro de 1998 foi de 157.045 empresas, das que o 78,6% per-

tencían ó sector servicios (un 33,1% pertencen ó subsector comercio, en tanto que o 45,5% englobaría ó resto dos servicios).

Por outra banda, ó longo de 1998, a diferenza do acontecido no conxunto do estado, o número de sociedades mercantís constituídas en Galicia descende un 2,7% respecto ó ano anterior, acadando as 5.345 novas sociedades.

A segunda parte do estudio céntrase nos rasgos de competitividade das empresas galegas, atendendo á metodoloxía seguida polo servizo de información Ardán, que agrupa as sociedades en “empresas gacela”, “empresas de alto rendemento”, “empresas xeradoras de riqueza” ou “empresas de alta produtividade”.

(1) O Dirce cubre tódalas actividades económicas agás a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central, Autónoma e Local (incluída a Seguridade Social), as actividades das comunidades de propietarios e o servizo doméstico. A unidade básica de análise é a empresa, que se define como unha organización sometida a unha autoridade rectora que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ámbalas dúas, e constituída con miras a exercer nun ou varios lugares unha ou varias actividades económicas por conta dunha mesma empresa.

CADRO 2.4.1.

Empresas existentes nas CC.AA. 1997-98 ⁽¹⁾

	1997		1998		98/97	
	CA / total (%)		CA / total (%)		98/97 (%)	
Andalucía	352.776	14,26	359.426	14,27	6.650	1,89
Aragón	79.491	3,21	78.476	3,12	-1.015	-1,28
Asturias	60.242	2,43	46.612	1,85	-13.630	-22,63
Baleares	64.659	2,61	67.132	2,67	2.473	3,82
Canarias	95.962	3,88	100.008	3,97	4.046	4,22
Cantabria	31.021	1,25	31.447	1,25	426	1,37
Castela-A Mancha	96.347	3,89	98.147	3,90	1.800	1,87
Castela e León	142.385	5,75	143.953	5,72	1.568	1,10
Cataluña	478.734	19,35	489.656	19,44	10.922	2,28
C. Valenciana	260.505	10,53	266.763	10,59	6.258	2,40
Extremadura	51.481	2,08	46.501	1,85	-4.980	-9,67
Galicia	158.583	6,41	157.045	6,23	-1.538	-0,97
Madrid	343.743	13,89	357.833	14,21	14.090	4,10
Murcia	63.457	2,56	65.523	2,60	2.066	3,26
Navarra	37.572	1,52	38.294	1,52	722	1,92
País Vasco	132.909	5,37	146.928	5,83	14.019	10,55
A Rioxa	18.325	0,74	18.398	0,73	73	0,40
Ceuta e Melilla	6.498	0,26	6.659	0,26	161	2,48
Total España	2.474.690	100	2.518.801	100	44.111	1,78

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

CADRO 2.4.2.

Empresas existentes 1998 ⁽¹⁾: distribución segundo a súa condición xurídica

	Persoas Físicas	S.A.	S.R.L.	Outras (2)	Total
A Coruña	44.018	1.767	13.067	4.315	63.167
Lugo	15.810	293	3.864	1.300	21.267
Ourense	14.939	502	4.053	1.104	20.598
Pontevedra	34.017	1.492	13.794	2.710	52.013
Total	108.784	4.054	34.778	9.429	157.045
España	1.647.699	133.410	559.483	178.209	2.518.801
G/E (%)	6,60	3,04	6,22	5,29	6,23

(1) datos a 31 de decembro

(2) comprende: sociedades colectivas, sociedades comanditarias, comunidades de bens, sociedades cooperativas, asociacións e outros tipos e organismos autónomos e outros
Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

A nota común a todas elas é o importante peso das empresas de fabricación, que representan o 26,7% do total de empresas gacela, o 31,1% das de alto rendemento e alta produtividade e o 50% das empresas xeradoras de riqueza.

Datos do Dirce e do Rexistro Mercantil Central

Segundo os datos do Directorio Central de Empresas, o **número total de empresas** existentes en Galicia (**cadro 2.4.1.**) ascendeu a 157.045 sociedades a 31 de decembro de 1998, o que representa o 6,23% do total de empresas existentes en España, que nesa mesma data eran

2.518.801. Comparada coas outras comunidades autónomas, Galicia é a quinta comunidade no que ó número total de empresas se refire, por detrás de Cataluña (19,44%), Andalucía (14,27%), Madrid (14,21%) e a Comunidade Valenciana (10,59%).

O número total de empresas existentes en Galicia en 1998 descendeu un 1% en relación ó ano anterior, tal e como indican os datos reflectidos no devandito cadro, fronte ó aumento no conxunto do estado, que foi do 1,8%. Comparada co resto das comunidades autónomas, o cadro reflicte que só catro comunidades presentan un descenso no número de empresas exis-

CADRO 2.4.3.

Ramas de actividade máis importantes segundo o número de empresas 1997-98 ⁽¹⁾

CNAE	Ramas de actividade	1997	1998	98/97
(número de empresas)				
45	Construcción			
	Construcción xeral de inmobles e obras de enxeñaría civil	10.796	11.077	281
52	Comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos pessoais e enseres domésticos			
	Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	6.844	6.444	-400
	Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados	5.935	5.589	-346
	Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados	16.685	16.506	-179
55	Hostelería			
	Establecementos de bebidas	16.271	15.618	-653
60	Transporte terrestre. Transporte por tuberías			
	Outro tipo de transporte terrestre	12.481	12.221	-260
74	Outras actividades empresariais realización de enquisas de opinión pública; consulta e asesoramento sobre dirección e xestión empresarial,	6.897	6.835	-62

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

tentes: Asturias (22,6%), Extremadura (9,7%), Aragón (1,3%) e Galicia, co xa comentado 1%.

No concerne ó **tamaño** das empresas galegas e á súa comparación co total estatal, o Dirce sinala que o 54% das empresas de Galicia son empresas sen asalariados (84.772 firmas), fronte ó 55,1% a nivel estatal. Das empresas con asalariados, en Galicia un 60% ten un ou dous traballadores (43.485 empresas) e un 20,8% (15.011) teñen entre 3 e 5 traballadores. No conxunto do estado, estas porcentaxes son do 57,4% e o 20,8%, respectivamente.

Atendendo ó peso relativo das empresas galegas no total español, éste descende en 1998, no caso das empresas sen asalariados, ata o 6,11%. As empresas que teñen entre 1 e 9 traballadores, despois do aumento de 1997, ven como o seu peso relativo descende, aínda que rexistrando niveis superiores ós existentes en 1996 (6,7% e 6,29%, respectivamente). Pola contra, as empresas de máis de dez asalariados presentan un descenso relativo continuado nos dous anos considerados. No caso das firmas entre 10 e 49 traballadores, a súa importancia relativa pasa do 5,54% de 1996 ata o 5,52% de 1997 e o 5,39% de 1998 e, no

caso das compañías con máis de 50 asalariados, pasan de se-lo 4,5% ó 4,41% e 4,27%, nas datas respectivas.

Respecto á súa **distribución sectorial**, existe un predominio do sector servicios, subdividido en comercio e resto de servicios. No ano 1998, o sector servicios acollía ó 78,6% do total de empresas consideradas polo Dirce —o subsector comercio representaba o 33,1% e o resto dos servicios, o 45,5%—, en tanto que a construción representaba o 12,5% do total e a industria, o 8,9%. Comparado coa distribución sectorial en España, neste ano, ó igual que en tódolos anos da serie considerada, en Galicia constátase un maior peso relativo das empresas no sector da construción e do comercio.

Atendendo á súa **distribución xeográfica**, a provincia de A Coruña acolle o maior número de empresas, con 63.167 (40,2%) en 1998, seguida de Pontevedra, con 52.013 firmas (33,1%), en tanto que as provincias de Ourense e Lugo tiñan 20.598 (13,1%) e 21.267 empresas (13,5%), respectivamente. Comparadas estas cifras co número de empresas existentes a decembro de 1997, a provincia de A Coruña foi a única que experimentou un descenso no

CADRO 2.4.4.

Sociedades constituídas nas CC.AA. 1998-99: distribución segundo a súa forma xurídica

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	1998	1999	1998	1999	1998	1999	1998	1999
Andalucía	397	389	14.489	15.569	643	760	15.529	16.718
Aragón	93	113	2.491	2.529	190	262	2.774	2.904
Asturias	62	80	1.591	1.535	131	129	1.784	1.744
Baleares	117	98	3.649	3.348	63	74	3.829	3.520
Canarias	139	121	5.235	5.106	248	279	5.622	5.506
Cantabria	26	37	704	822	68	68	798	927
Castela - A Mancha	69	104	3.308	3.072	288	418	3.665	3.594
Castela e León	151	154	4.038	3.799	274	294	4.463	4.247
Cataluña	737	762	20.535	19.996	595	673	21.867	21.431
C. Valenciana	294	293	12.090	11.415	440	533	12.824	12.241
Extremadura	35	47	1.148	1.273	54	86	1.237	1.406
Galicia	169	146	5.183	4.953	141	246	5.493	5.345
A Coruña	84	59	2.247	2.045	65	109	2.396	2.213
Lugo	11	14	478	388	26	39	515	441
Ourense	16	14	470	480	23	37	509	531
Pontevedra	58	59	1.988	2.040	27	61	2.073	2.160
Madrid	1.421	1.645	17.613	17.704	1.133	1.080	20.167	20.429
Murcia	55	70	2.736	2.681	227	241	3.018	2.992
Navarra	63	75	978	1.084	85	110	1.126	1.269
País Vasco	268	298	3.992	4.144	250	235	4.510	4.677
A Ríoxa	25	21	458	525	23	31	506	577
Ceuta e Melilla	1	1	224	224	2	2	227	227
Total	4.122	4.454	100.462	99.779	4.855	5.521	109.439	109.754

Fonte: Registro Mercantil Central

número de empresas existentes, con 3.146 firmas menos. No lado oposto, salienta o aumento do número de compañías na provincia de Pontevedra, que foi de 1.058 empresas.

Os datos recollidos no Dirce reflicten o predominio da condición xurídica de persoas físicas, xa que en 1998 estas supoñían o 69,3% do total de empresas existentes en Galicia, No caso das sociedades mercantís, salienta o peso das sociedades de responsabilidade limitada (significan o 22,1% do total de empresas consideradas) fronte á fórmula de sociedades anónimas (cadro 2.4.2.).

O **cadro 2.4.3.** recolle a desagregación das empresas nas diferentes **actividades económicas**. As tres actividades máis importantes, que estarían englobadas dentro do sector servizos, son as de “outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados”,

con 16.506 empresas a 31 de decembro de 1998, “establecementos de bebidas”, con 15.618 empresas, e “outro tipo de transporte”, con 12.221 firmas.

A análise do desenvolvemento de empresas no ano 1999 parte da consideración dos datos facilitados polo Rexistro Mercantil Central, onde se pode apreciar, **cadro 2.4.4.**, que o número de sociedades mercantís constituídas foi de 5.345, fronte ás 5.493 do ano anterior, o que representa un descenso do 2,7%. Este descenso contrasta co aumento experimentado en España, que se situou nun 0,3%. Comparado coas outras comunidades autónomas, o devandito cadro reflicte que hai 9 comunidades onde descende o número de novas sociedades. Galicia é a cuarta comunidade co maior descenso relativo, superada por Baleares (8,1%), Castela e León (4,8%) e a Comunidade Valenciana (4,5%).

CADRO 2.4.5.

Sociedades que suspenderon pagamentos nas CC.AA. 1998-99: distribución segundo a súa forma xurídica

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	1998	1999	1998	1999	1998	1999	1998	1999
Andalucía	14	6	9	7	1	-	24	13
Aragón	7	15	10	5	3	-	20	20
Asturias	2	-	4	1	-	-	6	1
Baleares	2	1	1	1	-	-	3	2
Canarias	1	1	-	3	-	-	1	4
Cantabria	-	-	-	-	-	-	-	-
Castela - A Mancha	4	4	2	-	-	1	6	5
Castela e León	7	2	2	4	-	-	9	6
Cataluña	62	34	27	24	1	-	90	58
C. Valenciana	10	5	6	11	2	-	18	16
Extremadura	-	1	1	-	-	-	1	1
Galicia	4	1	7	4	1	-	12	5
A Coruña	3	1	3	2	-	-	6	3
Lugo	1	-	1	1	-	-	2	1
Ourense	-	-	-	-	-	-	-	-
Pontevedra	-	-	3	1	1	-	4	1
Madrid	23	26	5	5	1	1	29	32
Murcia	5	1	2	5	-	-	7	6
Navarra	1	2	3	1	-	-	4	3
País Vasco	20	14	5	12	1	3	26	29
A Ríoxa	-	1	3	1	-	-	3	2
Ceuta e Melilla	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	162	114	87	84	10	5	259	203

Fonte: Registro Mercantil Central

Se se considera o cociente: número de sociedades constituídas/10.000 habitantes como un indicador aproximado da taxa de creación de empresas, 5 comunidades presentan un ratio superior ó existente para o conxunto do estado. Galicia, que ocuparía o 14º posto nunha clasificación por ese cociente, por diante de Asturias, Castela e León, Extremadura e mais Ceuta e Melilla, presenta en 1999 un ratio do 19,6, fronte ó 27,5 de media en España. En 1998 eses valores eran de 20,0 e 27,6, respectivamente.

A Coruña, a pesares do descenso no número de sociedades constituídas, segue a sela provincia co maior número de novas sociedades: acolleu o 41,4% do total de sociedades constituídas en 1999, por diante de Pontevedra, co 40,4%. Entre ámbalas dúas provincias acollen o 80,8% das novas sociedades anónimas galegas e o 82,5% das limitadas.

No ano 1999 continúa o descenso no número de **suspensións de pagamentos** rexistradas en Galicia: un total de 5 suspensións, 7 menos que o ano anterior, o 2,5% do total de suspensións habidas en España. Desas suspensións de pagamentos de empresas galegas, 4 corresponderon á sociedades limitadas e unha ás sociedades anónimas. Estes datos amósanse no **cadro 2.4.5**.

Por provincias, presentaron suspensión de pagamentos tres empresas de A Coruña, por unha de Pontevedra e outra de Lugo. Pola contra, na provincia de Ourense non houbo ningunha suspensión de pagamentos.

No concernente ás **quebras**, en Galicia producíronse un total de 13, o que supón o 2,5% das habidas en España. Delas, 8 foron en sociedades limitadas e 5 en sociedades anónimas. Por provincias, o maior número de que-

CADRO 2.4.6.

Quebras de sociedades nas CC.AA. 1998-99: distribución segundo a súa forma xurídica

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	1998	1999	1998	1999	1998	1999	1998	1999
Andalucía	9	12	6	6	2	-	17	18
Aragón	4	8	13	6	2	1	19	15
Asturias	5	2	11	17	6	1	22	20
Baleares	6	6	13	10	1	2	20	18
Canarias	4	-	1	3	-	-	5	3
Cantabria	2	2	-	-	-	-	2	2
Castela - A Mancha	4	4	5	1	-	-	9	5
Castela e León	6	10	11	6	1	-	18	16
Cataluña	100	97	120	122	5	5	225	224
C. Valenciana	4	9	17	23	2	-	23	32
Estremadura	1	1	-	-	-	-	1	1
Galicia	9	5	8	8	2	-	19	13
A Coruña	4	2	4	2	2	-	10	4
Lugo	1	-	-	-	-	-	1	-
Ourense	2	2	2	-	-	-	4	2
Pontevedra	2	1	2	6	-	-	4	7
Madrid	39	36	41	31	3	3	83	70
Murcia	3	5	5	4	-	-	8	9
Navarra	4	2	2	1	-	-	6	3
País Vasco	28	25	23	28	5	8	56	61
A Rioxa	5	-	1	2	-	-	6	2
Total	233	224	277	268	29	20	539	512

Fonte: Registro Mercantil Central

CADRO 2.4.7.

Extincións de sociedades nas CC.AA. 1998-99: distribución segundo a súa forma xurídica

	S.A.		S.L.		Outras		Total	
	1998	1999	1998	1999	1998	1999	1998	1999
Andalucía	150	119	431	362	54	237	635	718
Aragón	49	71	192	139	29	58	270	268
Asturias	17	13	89	70	8	35	114	118
Baleares	65	50	148	129	34	44	247	223
Canarias	58	27	110	81	6	30	174	138
Cantabria	60	10	38	24	12	14	110	48
Castela - A Mancha	21	22	163	138	26	42	210	202
Castela e León	75	69	197	186	15	50	287	305
Cataluña	806	684	1.601	1.449	48	86	2.455	2.219
C. Valenciana	136	142	742	611	77	152	955	905
Estremadura	28	11	33	28	4	46	65	85
Galicia	36	37	172	216	15	65	223	318
A Coruña	22	17	90	114	10	25	122	156
Lugo	2	-	30	24	-	11	32	35
Ourense	5	5	17	25	2	16	24	46
Pontevedra	7	15	35	53	3	13	45	81
Madrid	717	724	945	959	102	94	1.764	1.777
Murcia	11	24	103	71	40	22	154	117
Navarra	19	29	72	73	5	6	96	108
País Vasco	230	126	296	225	38	108	564	459
A Rioxa	9	12	52	41	2	9	63	62
Ceuta e Melilla	4	-	9	-	1	-	14	-
Total	2.491	2.170	5.393	4.802	516	1.098	8.400	8.070

Fonte: Registro Mercantil Central

CADRO 2.4.8.

Rasgos de competitividade das empresas galegas 1996-98

	Empresas Gacela (1)		Empresas de alto rendemento (2)		Empresas xeradoras de riqueza (3)		Empresas de alta productividade (4)	
	Número	(% / total)	Número	(% / total)	Número (5)	(% / total)	Número (5)	(% / total)
Maioristas	120	22,6	36	17,2	9	19,6	39	32,0
Fabricantes	142	26,7	65	31,1	23	50,0	38	31,1
Construcción	126	23,7	14	6,7	1	2,2	19	15,6
Detallistas	62	11,7	23	11,0	-	-	-	-
Sevicios	41	7,7	52	24,9	7	15,2	20	16,4
Transportes, comunicacións e serv. públicos	33	6,2	9	4,3	3	6,5	4	3,3
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	3	0,6	4	1,9	1	2,2	2	1,6
Minería	4	0,8	6	2,9	2	4,3	-	-
Total	531	100	209	100	46	100	122	100

(1) aquela empresa que aumenta o seu volume de negocio de forma continuada, durante un período de polo menos 3 anos consecutivos, cun incremento anual superior ó 25%, durante cada un dos 3 anos

(2) aquela empresa que consegue unha rendibilidade económica media de polo menos o 25%, nun período mínimo de 3 anos e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica por debaixo do 15%

(3) aquela empresa que ten un valor económico engadido positivo durante o período de análise, que o VEB de 1995 sexa superior a 25 millóns de pesetas e que o crecemento do VEB debe ser do 25% durante os 3 anos de estudo

(4) aquela empresa que ten un valor engadido por empregador por riba do percentil 75 do gran sector no que opera durante os 3 anos consecutivos do período de análise

(5) en maioristas incluímo-las actividades de distribución

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de *Ardán*

bras correspondeu a Pontevedra, con 7, seguida da Coruña, con 4 e Ourense, con 2.

Finalmente, en Galicia producíronse 318 **extincións** de sociedades mercantís en 1999, que supoñen un 3,9% das habidas en España no mesmo período. Desas extincións, un total de 216 (o 67,9%) corresponderon a sociedades limitadas –fronte ó 59,5% en España–, mentres que as extincións de sociedades anónimas sumaron 37 (un 11,6% do total das habidas en Galicia) no devandito ano –26,9% en España–. Por provincias, o maior número de extincións corresponde á Coruña (156), seguida de Pontevedra (81), Ourense (46) e Lugo (35).

Rasgos de competitividade das empresas galegas

A análise dos rasgos de competitividade das empresas galegas partirá dos datos das empresas seleccionadas por *Ardán* en función dos seguintes criterios: empresas que teñen a

súa sede social en Galicia, a súa facturación excedió de 53 millóns de pesetas en 1998, cumpren coas súas obrigacións rexistras e están dispoñibles datos para tres anos consecutivos.

Segundo a metodoloxía do servizo de información *Ardán*, á hora de analiza-la competitividade das empresas galegas, éstas pódense dividir en empresas gacela, empresas de alto rendemento; empresas xeradoras de riqueza; e, finalmente, empresas de alta produtividade.

Das 8.521 empresas que cumpren os criterios mencionados, un total de 531 empresas, analizadas desde 1996 a 1998, son consideradas **empresas gacela** (aquelas que aumentan o seu volume de negocio de forma continuada, durante un período de alomenos 3 anos consecutivos, por riba do 25% de incremento anual durante cada un dos tres anos). Das 531 empresas, 122 multiplican o seu volume de negocios por máis de tres e 36 delas o fan por máis de 5.

O crecemento medio dos ingresos experimentado por este tipo de empresas foi, en termos relativos, do 62,1% no período 1996-1998, e do 57,3% entre os anos 97 e 98.

Atendendo á desagregación por sectores, o **cadro 2.4.8.** reflicte que os tres sectores máis importantes son os de maioristas, construción e fabricantes, que acollen ó 73,1% das empresas gacela consideradas por Ardán.

Xunto a estas empresas gacela, hai un total de 209 empresas de **alto rendemento** (aquelas que conseguen unha rendibilidade económica media de alomenos o 25%, nun período mínimo de tres anos, e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica inferior ó 15%), que presentan unha rendibilidade económica nos anos 1996, 1997 e 1998 do 37,8%, 35,3% e o 34,4%, sucesivamente.

Por sectores, o **cadro 2.4.8.** reflicte que a meirande parte das mesmas están ubicadas en dous grandes campos: as actividades de fabricación e os servizos, que acollerían o 56% das empresas consideradas de alto rendemento.

En relación ás **empresas xeradoras de riqueza** (aquelas que cumpren os seguintes tres requisitos: crean un valor positivo para o accionista no período 96-98; o valor engadido bruto de 1996 debe ser superior ós 25 millóns de pesetas; e, finalmente, o crecemento do VEB debe ser do 10% durante os tres anos), Ardán considera que hai un total de 46 empresas, ubicadas principalmente no sector de fabricantes, que acolle ó 50% das mesmas.

Finalmente, hai que considerar un total de 122 empresas de **alta productividade** (aquela que durante tres anos consecutivos obtén un valor engadido bruto por empregado entre o 25% das mellores empresas do gran sector e este valor crece por riba do 10%, durante cada un dos tres anos consecutivos do período de

estudio), ubicadas principalmente nas actividades de distribución e fabricación, que acollen ó 63,1% das empresas consideradas. ■